

- g) Documento acreditativo do pagamento da taxa correspondente.
- h) Estatutos da escola de tempo libre que conterán, como mínimo, os seguintes datos:
- Denominación da escola de tempo libre, que non poderá coincidir nin ser similar con outras xa inscritas no Rexistro de Servizos á Xuventude.
  - Domicilio social.
  - Órganos de dirección, governo e administración.
  - Ámbito territorial en que desenvolverá as súas actividades.
  - Réxime económico, con determinación da procedencia e destino dos seus recursos económicos.

**Artigo 67. Alcance temporal da eficacia da declaración responsable.**

As declaracóns responsables de inicio de actividade en escolas de tempo libre terán carácter indefinido, sen prexuízo do establecido no apartado 5 do artigo 1 bis.

**Artigo 68. Queda sen efecto.**

**Artigo 69. Rexistro.**

Adscrito ao órgano directivo competente en materia de xuventude existirá un Rexistro de Escolas de Tempo Libre da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel inscribiranse de oficio aquelas escolas de tempo libre que presentasen a declaración responsable de inicio de actividade».

Vinte. Modifícase a sección terceira do capítulo III do título III, que queda redactada como segue:

«Sección terceira  
Expedición e homologación de títulos

**Artigo 77. Expedición de títulos acreditativos.**

1. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado expedirá os títulos acreditativos correspondentes ás ensinanzas que imparten as escolas de tempo libre, de conformidade

coas actas de avaliación de cada escola que imparta o curso, logo da solicitude desta, á que se achegará o documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

2. No prazo de 10 días, os servizos competentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado examinarán o expediente e, no suposto de que a documentación achegada conteña errores ou resulte insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, proceda á emenda das deficiencias, con indicación de que, se non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ditarse nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha vez completo o expediente, dentro do prazo de dous meses a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado procederá a resolver a solicitude mediante a expedición dos títulos correspondentes a aquel alumnado que superase satisfactoriamente o curso. De dírtarse resolución en prazo e se esta for desestimatoria da expedición dos títulos, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da consellería competente en materia de xuventude.

4. En cada título farase constar o nome e apelidos, DNI, data de nacemento do interesado ou interesada, domicilio e escola onde realizou o curso.

#### Artigo 78. *Homologación de títulos.*

Os títulos expedidos polos órganos competentes doutras comunidades autónomas do Estado ou da autoridade competente de calquera Estado membro da Unión Europea poderán ser obxecto de homologación cos títulos regulados no capítulo III do título III deste decreto, polo órgano autonómico competente en materia de xuventude, conforme o procedemento regulado no artigo seguinte.

#### Artigo 78 bis. *Procedemento de homologación.*

1. Para os efectos de homologación de títulos, a persoa interesada deberá presentar unha solicitude de homologación, conforme o modelo normalizado que figura no anexo XII deste decreto, e poderá presentalo no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros dos órganos territoriais ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992,